

Convenio de colaboración entre la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades de la Xunta de Galicia y la Fundación Naturgy, para promover e impulsar las enseñanzas de formación profesional y especialmente las relacionadas con el sector energético y el sector del mantenimiento de vehículos propulsados con gas natural, gas renovable y la rehabilitación eficiente en edificios

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

INFORMA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades ten previsto formalizar coa Fundación Naturgy o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de catro anos, dende a data a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente convenio é manter e seguir impulsando a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Naturgy, e especialmente a formación profesional relacionada co sector enerxético: a mobilidade sostible, a rehabilitación e edificación sostible, os gases renovables, a dixitalización de redes eléctricas, o asesoramento enerxético en contornas vulnerables, a instalación e mantemento de placas fotovoltaicas, as redes de gas verdes e dixitais, o mantemento de parques eólicos e a sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo, entre outros.

Esta colaboración levará a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Desenvolvemento dun plan de actualización, promoción, orientación e formación nos ensinos de formación profesional relacionadas co sector enerxético contempladas no Programa de Formación Profesional para a empregabilidade de Fundación Naturgy.
- b. Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos ensinos de formación profesional relacionadas co sector enerxético contempladas no Programa de Formación Profesional para a empregabilidade de Fundación Naturgy.



- c. Impulso dun sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- d. Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- e. Realización dos períodos de formación na empresa por parte do alumnado que curse ensinós de formación profesional e o desenvolvemento do mesmo nos centros de traballo das empresas achegadas pola Fundación Naturgy, na medida da dispoñibilidade de ambas as partes.
- f. Calquera outra colaboración de interese para ambas as partes, emprendemento, prevención de riscos laborais etc.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- a. Na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.
- b. No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas e establece que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes e contempla a finalidade desta colaboración, así como que debe formalizarse mediante convenio.



- c. Que a formación profesional do sector da enerxía debe adaptarse ao ritmo de evolución das competencias profesionais e das innovacións, presentes continuamente nas estratexias das empresas, e capacitar profesionais en facer posible o respecto ao medio ambiente, a eficiencia enerxética e a implantación de novas tecnoloxías.
- d. No Convenio de colaboración, asinado o 27 de novembro de 2019, coa, naquel momento, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Fundación Naturgy, para promover e impulsar as ensinanzas de formación profesional e especialmente as relacionadas co sector do mantemento de vehículos propulsados con gas natural, gas renovable e a rehabilitación eficiente en edificios, que entre outras actuacións cabe destaca

Esta colaboración específica no campo da Formación Profesional relacionada co sector enerxético ha suposto nestes anos entre outros logros:

Mediante o seu Programa de Formación Profesional para a empregabilidade, a Fundación Naturgy fixo unha aposta decisiva para promover a capacitación da mocidade, desempregados e profesionais que requiren unha reciclaxe derivada da transformación tecnolóxica do sector enerxético, mellorando a preparación dos futuros profesionais do sector en colaboración coas consellerías de educación competentes e facilitando o seu acceso ao mercado laboral.

A incorporación de novas formacións especializadas como son a mobilidade sostible, a rehabilitación e edificación sostible, os gases renovables, a dixitalización de redes eléctricas, o asesoramento enerxético en contornas vulnerables, a instalación e mantemento de placas fotovoltaicas, as redes de gas verdes e dixitais, o mantemento de parques eólicos e a sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo.

A incorporación de novos recursos formativos complementarios á impartición de cursos con Cursos de formación e-learning.

Ademais da alianza institucional e o recoñecemento mediante certificación establecido coa Xunta de Galicia mediante Convenio de colaboración, o Programa de Formación Profesional para a Empregabilidade de Fundación Naturgy conta co soporte das Consellerías de Educación doutras 8 comunidades autónomas: Madrid, Cataluña, Andalucía, Asturias, a Comunidade Valenciana, Castela e León, Castela-A Mancha e



Estremadura; e desde a posta en marcha do Programa de Formación Profesional para a Empregabilidade en 2018, máis de 63.000 alumnos xa se beneficiaron da formación recibida no conxunto destas referidas Comunidades Autónomas coas que Fundación Naturgy ten establecidos acordos de colaboración.

- e. Que a Fundación Naturgy e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades están dispostas a colaborar nos ensinos de formación profesional como liña estratéxica para un desenvolvemento empresarial e económico sostible que respecte o medio ambiente e así promover a inserción laboral do alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

